

GALEGO

De todas as lendas que coñecemos ao redor da Torre, esta é a que tivo unha maior influencia, de feito hoxe todos coñecemos a este lendario faro como Torre de Hércules.

O autor desta lenda foi o rei Alfonso X o Sabio (1252-1284) quen na súa Estoria de Espanna conta como o heroe Hércules construíu un enorme faro para conmemorar a súa vitoria sobre o xigante Gerión.

Segundo a lenda, o lendario heroe grego veu en busca do xigante Gerión que reinaba sobre as terras comprendidas entre o Douro e o Texo, co fin de liberar ao pobo do seu poder desmedido.

O enfrontamento entre ambos durou tres días coas súas correspondentes noites. Ao cabo delas, Hércules venceu ao xigante, cortou a súa cabeza e enterrouna xunto ao mar. Para conmemorar a súa vitoria construíu sobre o túmulo unha torre-faro e nas proximidades do mesmo fundou unha cidade á que lle deu o nome de Crunia, como recordo da primeira muller que habitou este lugar e da que o heroe se namorou. Cando Hércules marchou, Espán, o seu sobriño, foi nomeado señor de España e poboou vilas e cidades. Acabou de construír a Torre do Faro que comezara o seu tío e como era un home sabio dotouna dun candil cun lume que nunca se apagaba, Ademais fixo un gran espello polo que se vían vir as naves inimigas desde unha gran distancia.



1. Que tipo de texto literario é unha lenda?

Lírico

Narrativo

Dramático

2. Nesta lenda nárrase a orixe de

3. Que dous personaxes mitolóxicos enfróntanse na lenda?

Espán

Hércules

Alfonso X

Gerión

4. Ordena.

Hércules venceu a Gerión, cortoulle a cabeza e enterrouna xunto ao mar.	Espán dotou a Torre dun candil que non se apagaba nunca.	Hércules veu a liberar ao pobo do poder do xigante Gerión	Para conmemorar a vitoria Hércules construíu unha torre.
---	--	---	--

1º	2º	3º	4º

5. Resolve o encrucillado.

Vertical

1. Primeira muller que habitou o lugar.
2. Obxecto que colocou Espán para ver aos inimigos
3. Sobriño de Hércules.

Horizontal

4. Nome do xigante que venceu Hércules.
5. Alcume do rei Alfonso X.

